



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

**Expte: 2023/G007/000009**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos, do día dezaseis de marzo de dous mil vinte e tres, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 131 de data 15 de marzo/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste e excusa a súa asistencia dona Jessica Sabín Fernández. Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria e inclúese un asunto Fóra da Orde do Día.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 09.03.23 (ORDINARIA) .-**

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 09.03.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistente á mesma).

### **2º.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA ASOCIADA AO EXPTE DE OBRAS 225/2020 A INSTANCIA DE FRANCISCO JAVIER PIÑÓN CARRO, EN REPRESENTACIÓN DE CHIMENEAS DUMIA, S.L.-**

PROPOSTA ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“Vista a solicitude formulada por Francisco Javier Piñón Carro con D.N.I. núm. 32.678.249-X en representación de CHIMENEAS DUMIA S.L. con C.I.F. núm. B11205168, en data 25 de xaneiro do 2023 con número de rexistro 202399900000119 referida a devolución da garantía definitiva asociada ao Expediente de Obras 225/2020, foi emitida Providencia de Alcaldía en data 27 de xaneiro do 2023 aos efectos de incoar expediente para a devolución, no seu caso, da fianza definitiva en metálico depositada polo promotor CHIMENEAS DUMIA S.L. con C.I.F. núm. B11205168 por importe de DOUS

MIL TRES CENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.341,49 €) así como a emisión dos oportunos informes pola Tesourería municipal e o Departamento de Urbanismo do Concello de Valdoviño.

En data 27 de xaneiro do 2023 foi emitido Informe da Tesourería municipal determinando que (...) comprobada a oportuna documentación, consta depositada ante a Tesourería municipal do Concello de Valdoviño unha fianza en metálico por importe de DOUS MIL TRES CENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.341,49 €) o 26 de maio do 2021 con número de operación 320210000154 a nome de CHIMENEAS DUMIA S.L. con C.I.F. núm. B11205168, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data 6 de maio do 2021.

Consta no expediente 2023/X002/000004 Informe da Oficina Técnica de Obras e Urbanismo do Concello de Valdoviño emitido en data 1 de marzo do 2023 facendo constar que xirada visita de comprobación en data 29 de decembro do 2022 (...) as obras para as cales se solicitou licenza municipal de obras e depositado aval para a realización das mesmas, executáronse de acordo ás condicións establecidas na licenza. Por iso, o técnico informante, no seu estrito ámbito competencial, estima procedente a devolución do aval que se solicita

Visto canto antecede e conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

### **PROPONSE**

Devolver a garantía definitiva asociada ao Expediente de Obra 225/2020 por importe de DOUS MIL TRES CENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.341,49 €) do 26 de maio do 2021 con número de operación 320210000154 a nome de CHIMENEAS DUMIA S.L. con C.I.F. núm. B11205168, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data 6 de maio do 2021.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe”.

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.**

### **3º.-APROBACIÓN REINTEGRO IMPORTE SUBVENCIÓN A AGADER REALTIVO AO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023.-**

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:**

“Considerando que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) mediante resolución de data 10/06/2022 ao abeiro da resolución do 29/12/2021 para a concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a

parcelas agrícolas 2022-2023 (DOG nº 16, do 25 de xaneiro de 2022) concedeu ao Concello de Valdoviño a cantidade de 11.745,10 euros para a execución do proxecto PM22-203 Reforzo de rodadura nos camiños de Costeira, Broño e Mourela durante a anualidade 2022.

Vista notificación de data 02/02/2023 de acordo de inicio de procedemento de reintegro do importe indebidamente percibido na anualidade 2022 pola contía de 11.745,10 euros toda vez que non foron xustificadas os investimentos correspondentes á anualidade 2022.

Comprobada a veracidade dos extremos indicados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) xa que os investimentos obxecto da subvención non foron realizados no exercicio 2022 polo que resultou materialmente imposible a xustificación da anualidade 2022 e que, por conseguinte, debe procederse ao reintegro do importe percibido como pagamento anticipado por importe de 11.745,10 euros.

Visto que de acordo co artigo 80.5 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado por Decreto nº 11/2009 de 8 de xaneiro en calquera momento durante o trámite de alegacións poderá o interesado admitir o reintegro. Polo tanto, debe procederse ao ingreso do importe non xustificado na conta bancaria do Tesouro Público da Comunidade Autónoma de Galicia

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, esta Alcaldía:

### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.-** Admitir o reintegro da subvención solicitado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) segundo a notificación efectuada en data 02/02/2023 ao abeiro do expediente R23-05 relativo ao Plan de mellora de camiños municipais. Convocatoria 2022-2023 (MR701E)

**SEGUNDO.-** Aprobar a devolución de ingresos e autorizar o pagamento que a continuación se relaciona:

<b>BENEFICIARIO</b>	<b>IMPORTE (EUROS)</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)	11745,10	P1508800H REINTEGRO PAGAMENTO ANTICIPADO ANUALIDADE 2022	75080
<b>TOTAL</b>	<b>11.745,10</b>		

**TERCEIRO.-** Proceder ao ingreso do importe non xustificado (11.745,10 €) na conta bancaria número ES64 2080 0388 2531 1000 1412 do AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)

Mándao e asínao o alcalde, en Valdoviño na data indicada ao marxe.

O alcalde:

Asdo.: Alberto González Fernández”

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.**

#### **4º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS 5/2023.-**

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/5 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 14 facturas ascende á cantidade de CIENTO NOVENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CATRO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (195.504,81 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

**PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2023/5 por importe bruto de 195.504,81 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.**

#### **5º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR:

**“Expte: 240/2022. Tedec: 2022/U022/000023**

**.- Expte. de obras 240/2022.-** (representado por Pedro Garat Caramé).- Para as obras de **reforma e ampliación de vivenda unifamiliar** situada na **Avenida de** parroquia de Valdoviño, Concello de Valdoviño (referencia catastral n.º 9695506NJ6299S0001QW ).

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto Básico e de Execución de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar achegado o 13/12/2022 e visado o 12/12/2022, redatado polo arquitecto Pedro Garat Caramé.
- Anexo a Proxecto Básico e de Execución de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar achegado o 07/03/2023 e visado o 07/03/2023, redatado polo mesmo arquitecto.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Pedro Garat Caramé achegado o 13/12/2022 e visado polo correspondente colexio o 09/12/2022 e Oficio de Dirección de Execución da obra e Coordinador de seguridade y Saúde de arquitecto técnico a nome de Luis Alberto Freire Mera, achegado o 27/01/2023 e visado polo correspondente colexio o 26/01/2023.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situado en en solo clasificado e calificado, como SOLO URBANO. ORDENANZA 1. ZONA DE RESIDENCIAL EXTENSIVA. VIVIENDA UNIFAMILIAR.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 14/03/2023 que se emite en sentido FAVORABLE

E Visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 14/03/2023 en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] (representado por Pedro Garat Caramé) a **licenza municipal de obras para a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar** situada na **Avenida de [REDACTED] parroquia de Valdoviño, Concello de Valdoviño** (referencia catastral n.º 9695506NJ6299S0001QW).

**A licenza queda condicionada á execución das obras necesarias para completar a urbanización do vial principal.** A tales efectos achegase no Anexo 2, orzamento estimado das obras de urbanización necesarias aos efectos de establecer as oportunas garantías.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Pedro Garat Caramé e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 14 de marzo de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxas 638,00 €. ICIO.- 2.934,80 €.

**Cuarto.-** O promotor deberá presentar un **aval** pola cantidade **de 353,85 €**, segundo valoración das obras urbanizadoras, contida no Anexo 2 do informe do arquitecto municipal de data 14-03-2023..

**Quinto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Sexto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”.

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación.**

#### **6º.- EXPEDIENTE OBRA: PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-**

##### **PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

“Pola Xunta de Goberno Local, sesión de 01.10.20 acordouse aprobar expediente de contratación e comezo de adxudicación da obra: “Proxecto completo de edificación de vestiarios para campo de fútbol municipal de Mourente”; incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+2020) e financiada ao 100% pola Deputación Provincial.

Proxecto redatado por Rubén Fernández Lombardero, colexiado 3.870 do COAG,. Importe total proxecto: 129.441,35 euros (IVE incluído); IVE: 22.465,03€; prezo sen IVE: 106.976,32€.

Tramitado o expediente (nº 2020/C003/000005), a Xunta de Goberno Local en sesión de 08.04.21, acordou **ADXUDICAR** dita obra á empresa **A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A por:** Prezo sen IVE.- 90.394,99 euros; IVE.- 18.982,95 Euros. **Total 109.377,94 euros;** e con prazo de execución de **CATRO (4) MESES;** contados a partir do seguinte da sinatura da acta de replanteo; nomeando Diretor de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde a Rubén Fernández Lombardero, colexiado 3.870 do COAG.

Aprobase Certificación nº 1 de importe total 10.008,20 Euros por acordo de Xunta de Goberno Local en sesión de 12.05.22 que se remite á Deputación Provincial e se aproba polo Organismo Provincial o seu pagamento.

En data 13.12.2022 a empresa adxudicataria presenta escrito no que **solicita a resolución do contrato por mutuo acordo**, sen penalización algunha e devolución do aval logo de avaliar os prezos do proxecto e vendo a inflación xenerada no país pos-pandemia, detectando que executar a obra con ditos prezos é inviable na actualidade.

Indica que en pro de querer afronta dita responsabilidade, aplicaron ou solicitaron unha revisión dos prezos para con elo evaluar unha segunda alternativa. Que se observou tras un breve cálculo, que tampouco así se alcanzaría os prezos mínimos.

Tramitado expediente de resolución de contrato (Ref.2023/C008/000002), a Xunta de Goberno Local en sesión de 2.02.23, acorda a resolución do contrato solicitado pola adxudicataria e realizar os trámites tendentes á adxudicación da obra co seguinte licitador que presentara a oferta máis vantaxosa, polo importe e prazo de execución, tendo en conta o informe do director de obra.

Considerando a valoración das ofertas, feitas para a Adxudicación co Programa de Valoración de Ofertas da deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 106.976,32 euros, no que resultara:

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCION SL:

100% Factor prezo . Valor introducido polo licitador: 103.689,98 Baixa (%).- 3,07.-  
Puntuación: 14,33

CIF: B70538459 BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.:

100%- Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 103.520,98 Baixa (%) 3,23.-  
Puntuación: 15,07

CIF: B70574397 CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.:

100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 106.174,0 Baixa (%) 0,75  
Puntuación: 3,50

CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:

100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 90.394,99 Baixa (%) 15,5  
(Temeraria).- Puntuación: 71,50

CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL:

100% Factor prezo Valor introducido polo licitador: 95.065,84 Baixa (%) 11,13.-  
Puntuación: 51,94

**O licitador coa oferta máis vantaxosa resulta ser CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL.**

Visto o informe do director de obra de data 27 de xaneiro de 2023, no que indica:

“ ...

Se realiza el presente informe en el que quedan reflejadas todas las obras que figuran en el proyecto de obra y que non han sido certificadas hasta la fecha, siendo el resumen el siguiente:

Presupuesto ejecución material.....	81.670,48
13% de gastos generales.....	10.617,16
6% de beneficio industrial.....	4.900,23

---

Suma.....	97.187,87
21%IVA.....	20.409,45
<hr/>	
Presupuesto de ejecución por contrata.....	117.597,32

Asciende el presupuesto de ejecución por contrata a la expresada cantidad de CIENTO DIECISIETE MIL QUINIENTOS NOVENTA Y SIETE EUROS CON TREINTA Y DOS CÉNTIMOS.

El PEM anteriormente indicado (81.670,48E) es fruto de restarle al PEM del proyecto (89.896,07€) el PEM certificado hasta la fecha (8.225,59€).

Es decir,  $89.896,07 - 8.225,59 = 81.670,48€$ .

Que en el caso de que la administración opte por la opción de realizar una nueva adjudicación de las obras pendientes, se estima un plazo de ejecución de CUATRO (4) MESES.

Que, en caso de que la administración opte por la rescisión de mutuo acuerdo en la que “los derechos de las partes se acomodarán a lo válidamente estipulado por ellas”, se considera que, previamente a la posible devolución del aval, se debería proceder a la comprobación, medición y liquidación de las obras realizadas con arreglo al proyecto, fijando los saldos pertinentes a favor o en contra del contratista.

...”

Vista a obra pendiente de ejecutar segundo o informe do diretor de obra aplicando o porcentaxe de baixa do 11,13% na oferta presentada pola empresa **CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL** que é a seguinte:

- a) Prezo sen IVE.- 95.065,84 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 19.963,83 Euros.
- c) Total 115.029,67 euros.

**CORRESPONDERÍA a adjudicación a esta empresa polo importe de:**

Importe sen IVE.- 86.370,86 euros.

IVE (21%).- 18.137,88 euros

**Importe total: 104.508,74 euros**

**E cun prazo de execución de CATRO MESES.**

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** Proponer a adjudicación da obra **á seguinte empresa máis vantaxosa, CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL** por importe de 86.370,86 euros; **IVE 18.137,88; total adjudicación contrato: 104.508,74 euros e prazo de execución de 4 meses.**

**SEGUNDO.- REQUERIR a dito licitador** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE a**



documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE); **aos efectos de poder serlle adxudicada a obra.**

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.

Todo elo sen prexuízo do sinalado no artigo 71,72 e73 da LCSP.

**TERCEIRO.-** Requerir ao anterior adxudicatario Eulogio Viñal, Obras y Construcciones e ao novo adxudicatario proposto, Obras Gallaecia, S.L (de resultar adxudicatario) con sinalamento de día e hora para comprobación, medición e liquidación da obra efectuada e da que queda por executar, coa presenza do director da obra e responsable do contrato, levantándose acta do dito acto e incorporar ao expediente.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A; a Obras Gallaecia, S.L e ao Director de obra Rubén Fernández Lombardero para o seu coñecemento e efectos”.

**Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 membros, acordou a súa aprobación**

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local, quen ratifica a urxenza por unanimidade dos presentes do seguinte asunto:

**.- INFORME COMPLEMENTARIO DO DIRECTOR DE OBRA EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE RESOLUCION DE CONTRATO NO EXPEDIENTE 2021/C003/000006).-**

Con data 15.03.223 (registro 202399900000430), José Antonio Alonso Rodríguez, en calidade de director das obras a realizar no Centro de Súde de Valdoviño, segundo o proxecto básico e de execución de obras en fachadas en carpintería (expte contratación 2022/C003/000006), presenta informe complementario ao emitido en data 22 de febreiro de 2023, sobor do estado das obras e procedencia da rescisión do contrato, dicindo:

Que ao seu entender, procede a incautación da garantía (ao adxudicatario)

Tomase en consideración dito informe, incorporado ao correspondente expediente, e a Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade dos asistentes, que debe ser tido en conta na tramitación de resolución do contrato que se leva a cabo respecto ás obras referidas en expediente con referencia 2023/C008/000003.

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*